

BANDO SOBRE A LIMPEZA DE FINCAS

1. Infórmase os/as veciños/as de Cerceda que, antes da chegada do verán, é de máximo interese para todos que os predios, os montes e os soares existentes no Concello se atopen nun adecuado estado de limpeza e coa masa vexetal rozada, nunha franxa de 100 metros arredor de calquera núcleo de poboación, edificación, urbanización, depósito de lixo, cámpings, instalacións recreativas, obras, parques e instalacións industriais, situados a menos de 400 metros do monte. Aínda que este é un deber que teñen as persoas propietarias de terreos durante todo o ano, nestas datas ten unha especial relevancia perante o risco de incendios.

A lexislación de aplicación que regula estas obrigas é a seguinte:

- A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.
- Os artigos 9 e 199 da Lei de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia que obriga as persoas propietarias de terreos, urbanizacións de iniciativa particular e edificación a mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino.
- Outras normas sobre a protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

Correspóndelle ao Concello ordenar a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións. Caso de incumprirse esta orde, executarase forzosamente mediante a imposición de multas coercitivas, que se reiterarán ata lograr que se execute o ordenado, de conformidade co que establece a citada norma.

2. Infórmase tamén da obriga das persoas propietarias de retiraren os restos de árbores caídas nas súas propiedades, nomeadamente as que están a carón das estradas, debido a que poden supor un grave perigo para as persoas, os bens e o tráfico.

Cerceda, 22 de abril de 2010
O alcalde, José García Liñares